

XAIME SUBIELA PÉREZ

Currículo

Xaime Subiela Pérez (Chantada, 1969), politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela, master en Cooperación Internacional e na Unión Europea.

Exerceu de investigador social e consultor público ligado á empresa *Cidadania* durante 8 anos, en temas relacionados coa participación cidadá, planificación estratéxica, normalización lingüística, desenvolvemento sustentable e coa cultura

No ámbito lingüístico foi director da investigación desenvolvida polo Consello da Cultura Galega que avaliou a política lingüística en Galicia -*O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*; director técnico dos plans de normalización lingüística das cidades de Santiago e Ferrol; participou tamén na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega como presidente da Comisión de sociedade, así como no deseño da programación operativa para o desenvolvemento do Plan.

No ámbito cultural foi director-técnico do proceso participativo para a definición de usos e contidos da Cidade da Cultura. E como profesional autónomo, foi o asesor-técnico da elaboración do *1º Informe de estatísticas e indicadores culturais en Galicia, ano 2006*, Consello da Cultura Galega, Consellaría de Cultura e Deporte e Instituto Galego de Estatística.

Foi Decano do Colexio de Politólogos e Sociólogos de Galicia, participa como relator de políticas participativas en diversos masters, e é colaborador habitual da revista *Tempos Novos* e da *Radio Galega*.

Na actualidade é asesor da Conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia en materia de política cultural.